



Sobre a reforma das pensións

O BOE do 17 de marzo de 2023 publica o [“Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo](#), de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo cadro de sustentabilidade do sistema público de pensións”.

Con estas notas, a CIG quere facer unha valoración crítica da reforma, que, lonxe da propaganda despregada polo Goberno e da reacción hiperbólica da dereita empresarial, política e mediática, non supón ningunha físgoa ou ruptura coa liña marcada en reformas anteriores do sistema de pensións, senón a consolidación dos recortes anteriores e unha promesa de recortes futuros.

1. Diálogo social á española

Antes da aprobación do decreto-lei, a CIG dirixiuse ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para esixirmos coñecer a proposta de reforma, atendendo á nosa condición de central sindical máis representativa, con presenza nos diferentes organismos de participación institucional do Ministerio. Os resultados foron nulos. Estamos ante unha nova demostración das nosas reiteradas denuncias sobre o papel do chamado “diálogo social”.

Máis alá do alcance negativo para a clase traballadora do que historicamente se acorda nese marco, é unha instancia antidemocrática e negadora dos dereitos de representación de sindicatos como a CIG.

Así mesmo, o escurantismo con que se trata todo este asunto impide que unha cuestión de tanta relevancia veña precedida do necesario debate social e capacidade de proposta.

2. Unha liña histórica de recortes

Esta reforma chega á opinión pública moi adozada e maquillada, dentro dunha ofensiva propagandística do Goberno español que non nos debe confundir. A nosa obriga é analizarmos con perspectiva de clase as accións e decisións do Goberno, por moito que este se sitúe na esquerda, por moito que esaxere co diálogo social, por moito que se faga acompañar de UGT e CCOO, e tamén por moito que o debate estea contaminado polas respostas radicais da patronal e a dereita.

Polo tanto, a primeira conclusión pode ser que o Goberno freou as súas primeiras intencións (se cadra lanzadas a modo de globo-sonda) en ano electoral e ante a resposta social que lle podía vir enriba, onde a CIG tamén ten a súa parte. Así é todo é unha reforma de recortes, que mantén importantes elementos lesivos que fan dela unha mala norma, aínda que non teñamos sobre a mesa a peor versión posíbel.

En todo caso, os elementos fundamentais e máis graves das reformas anteriores mantéñense inalterados, xa que estamos ante un novo alargamento do período de cálculo da pensión, aínda que os termos utilizados na súa explicación e os calendarios para a súa implantación poidan levar a engano sobre o seu alcance.

Esta nova reforma dáse nun contexto en que se produciron varias reformas dentro da presente lexislatura, as de xullo de 2021 e xullo de 2022 —que resumidamente recordaremos— pechando o círculo de mudanzas lexislativas presentadas enganosamente como de recuperación dos dereitos que se perderan coa reforma do PP de 2013.

Aquela reforma do 2013 é ás veces sinalada como a única culpábel do deterioro do sistema público de pensións, por impor un mecanismo de revisión das pensións que impedía a revalorización de acordo ao IPC e por fixar un calendario de aplicación do factor de sustentabilidade que se aprobara na reforma do 2011, e polo cal canto máis anos vivise unha persoa despois da súa xubilación, menos cobraría. Posteriormente este factor foi substituído polo Mecanismo de Equidade Interxeracional (MEI).

En realidade, esa presentación da reforma de 2013 como a única negativa é unha manobra de distracción do actual Goberno, para así poder vender como boa a reforma do 2011 do Goberno do PSOE e do diálogo social, e reafirmar o que foi unha norma moi negativa que estamos a sufrir cada día que pasa nas súas máis nefastas consecuencias: o atraso da idade de xubilación dos 65 aos 67 anos e a ampliación dos 15 aos 25 anos o período de cálculo. Esta reforma mantén inexorábel o seu calendario de execución, iniciado no 2013 e que rematará en 2027.

Así, en xullo de 2021 apróbbase a primeira reforma da actual lexislatura, que segue a desligar a suba das pensións do IPC real interanual acumulado, creando un novo indicador, o chamado IPC medio, que non garante o poder adquisitivo das pensións. Ademais, introduce novas penalizacións para calquera acceso anticipado á xubilación e aproba máis atrancos para o recoñecemento por lei de coeficientes redutores da idade de xubilación nas profesións de maior penosidade e perigosidade.

Finalmente, a reforma de xullo de 2022 aproba os chamados plans de emprego de pensións, consistentes na promoción a través da negociación colectiva de plans privados de pensións no ámbito de cada sector, que serán xestionados por compañías financeiras e aseguradoras.

3. Chaves da reforma de 2023

3.1. Nova ampliación (de 25 a 29 anos) do período de cálculo das pensións, coa conseguinte redución do seu importe

- **PRINCIPAIS NOVIDADES**

Fíxase unha nova fórmula para determinar a base reguladora da pensión de xubilación, que será o cociente de dividir entre 378 a suma das bases de cotización da persoa afectada durante os 324 meses anteriores ao do mes anterior ao do feito causante, obtidos consonte ao previsto na norma.

Serán seleccionados os 348 meses consecutivos e inmediatamente anteriores ao do mes previo ao do feito causante e desas 348 bases, calculadas consonte ao previsto na norma, escolleranse de oficio as 324 bases de cotización de maior importe.

Estas modificacións relativas ao modo de cálculo da pensión de xubilación entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2026, aínda que até o 1 de xaneiro de 2037 serán aplicadas de forma gradual, tal como se prevé nas disposicións transitorias.

Por outra banda, régúlase especificamente un réxime transitorio diferente, até o ano 2044, que permitirá ás persoas que se xubilen nas dúas próximas décadas acollerse á lexislación anterior para causar dereito a pensión de xubilación (disposición transitoria cuarta da Lei Xeral da Seguridade Social).

Polo tanto, desde o 1 de xaneiro de 2026 entra en vigor o novo cálculo do cómputo para a contía das pensións, sendo desde ese momento a norma que a contía das pensións se calcula, tomando 29 anos e descartando os dous peores.

Esta entrada en vigor será gradual e en convivencia co modelo anterior (o dos 25 anos) que pasa a ser un sistema “a extinguir” e que só se aplicará no caso de que o resultado sexa “máis favorábel” con respecto ao modelo de 29 anos.

A partir do ano 2044, o único cómputo posíbel será o novo.

Segundo o recollido nos puntos 23, 36 e 40 do artigo único do Real Decreto-lei, a aplicación será de oficio, e será a propia Seguridade Social a que decida cal se aplica, en función do que considere “máis favorábel”. Non haberá opción de escoller nin que modelo de cómputo se aplicará, nin tampouco os dous anos a descartar dos 29.

ESCALADA DO CÓMPUTO NOVO			
ANO	COMPUTARÍANSE	DUN TOTAL DE	DESCARTARÍANSE
2026	25 anos 2 meses	25 anos 4 meses	2 meses
2027	25 anos 4 meses	25 anos 8 meses	4 meses
2028	25 anos 6 meses	26 anos	6 meses
2029	25 anos 8 meses	26 anos 4 meses	8 meses
2030	25 anos 10 meses	26 anos 8 meses	10 meses
2031	26 anos	27 anos	1 ano
2032	26 anos 2 meses	27 anos 4 meses	1 ano 2 meses
2033	26 anos 4 meses	27 anos 8 meses	1 ano 4 meses
2034	26 anos 6 meses	28 anos	1 ano 6 meses
2035	26 anos 8 meses	28 anos 4 meses	1 ano 8 meses
2036	26 anos 10 meses	28 anos 8 meses	1 ano 10 meses
2037 en diante	27 anos	29 anos	2 anos

DESESCALADA DO CÓMPUTO ANTIGO	
De 2026 a 2040	25 anos
2041	25 anos e medio
2042	26 anos
2043	26 anos e medio
2044 e seguintes	27 anos (de 29)

- **VALORACIÓN CRÍTICA**

O Goberno aprobou unha nova reforma que alarga de novo o período de cálculo, cando aínda nin sequera está culminada a execución da reforma de 2011. Agrávase así a caída progresiva da contía das pensións, que vimos padecendo desde a súa aprobación e que a día de hoxe está entre un 15 e un 18%, á que haberá que sumar a que derive desta nova reforma. Segundo o Banco de España, cada ano de aumento do período de cálculo significa un 0,5% de redución da pensión.

Malia que os voceiros do Goberno non o queiran admitir, é evidente que se produce un aumento no período de cálculo aos 29 anos, entre 2026 e 2038 (con posibilidade de descartar os 24 meses de peores cotizacións). Aínda que conviva o actual sistema de 25 anos, será só durante 12 anos, pois a partir do 2038, o período de cálculo será unicamente o de 29 anos.

A forma de temperar este grave recorte de dereitos é demorar no tempo os seus efectos, como xa se fixo en 2011. Naquela reforma, pasouse de forma progresiva de 15 a 25 anos para o período de cálculo da pensión (entre 2013 e 2023) e atrasouse tamén progresivamente a idade de xubilación dos 65 aos 67 anos (entre 2013 e 2027).

Novamente, estamos ante unha reforma perversa, que aparenta ser neutra para as persoas que están ás portas de accederen á xubilación, mais ao mesmo tempo reserva unha labazada para as xeracións mais novas.

Ademais, non se pecha a posibilidade de que a reforma se endureza, aplicando a súa peor versión. A norma atribúe novas competencias á AIReF (*Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal*) que ditaminará cada tres anos en nome os axustes (por non dicir recortes) que, consonte ás normas de estabilidade orzamentaria impostos pola UE, terán que aprobarse se a proxección de gastos e ingresos non se cumpre. Chama a atención que o primeiro presidente da AIReF, organismo creado na esteira da modificación do artigo 135 CE en 2011, foi precisamente o actual ministro José Luis Escrivá.

3.3. Incremento tímido nos ingresos do sistema

- **PRINCIPALES NOVIDADES**

- a) Aumento das bases máximas de cotización**

Dispónse que o tope máximo establecido para as bases de cotización da Seguridade Social de cada un dos seus réximes será actualizado anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado nunha porcentaxe igual ao que se fixe para a revalorización das pensións contributivas.

- b) Cotización adicional de solidariedade**

Por outro lado, introdúcese unha cotización adicional de solidariedade para os salarios que superen as bases máximas de cotización para as persoas traballadoras por conta allea. Concretamente, a cota de solidariedade será o resultado de aplicar :(i) un tipo do 5,5% á parte de retribución comprendida entre a base máxima de cotización e a cantidade superior a esa base máxima nun 10%; (ii) un tipo do 6% á parte de retribución comprendida entre o 10% superior á base máxima de cotización e o 50%; e (iii) un tipo do 7% á parte de retribución que supere a anterior porcentaxe.

A cotización adicional de solidariedade entra en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e incrementarase desde o ano 2025 ata o ano 2045, ano en que alcanzará o tipo definitivo.

- c) Cotización finalista do mecanismo de equidade interxeracional**

Coa finalidade declarada de preservar o equilibrio entre xeracións e fortalecer a sustentabilidade do sistema da Seguridade Social a longo prazo, modifícase o mecanismo de equidade interxeracional (MEI), consistente nunha cotización finalista aplicábel en todos os réximes e a todos os supostos en que se cotice pola continxencia de xubilación, que non computará para efectos de prestacións e que nutrirá o Fondo de Reserva da Seguridade Social. Concretamente, a cotización será de 1,2% (1% para a empresa e 0,2% para a persoa traballadora).

A cotización finalista do mecanismo de equidade interxeracional terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2023 e ata o 31 de decembro de 2050, de acordo coa escala que prevé a norma.

En 2023 será de 0,6% (0,5% a cargo da empresa e 0,1% da persoa traballadora) e será incrementado progresivamente até o ano 2029 de acordo coa escala prevista na norma.

- **VALORACIÓN CRÍTICA**

O Goberno gábase de que a reforma mellora a capacidade de ingresos do sistema, para o facer sustentábel. Aínda que calquera paso nese sentido é positivo, é un avance apoucado, que non compensa os novos recortes nin anula os efectos prexudiciais que imos ter, nin os que estamos a pagar desde a reforma do 2011.

Por unha banda, implántase unha nova cotización, chamada de solidariedade, sen ningún tipo de progresividade en atención aos niveis salariais e acórdase un aumento das cotizacións mediante a aplicación do MEI, xa en vigor desde xaneiro de 2023, pasando do actual 0,6% ao 1,2% no 2029. Isto significa para a clase obreira unha mingua da súa capacidade económica, xa que lle aplican un desconto maior na súa base de cotización, que se suma á caída do poder adquisitivo dos salarios que estamos a vivir e ao impacto que terá no seu momento a posta en marcha dos plans de emprego de pensións.

Na CIG preocupáanos que, sendo positiva a decisión de destopar as bases máximas de cotización, o incremento só se sitúe nun 1,2% por riba do IPC, e fiquen sen pechar totalmente a posibilidade de aumentar a pensión máxima no futuro.

Así mesmo, botamos en falta que, para mellorar os ingresos da Seguridade Social, non se acheguen solucións para afrontar a caída de salarios e o aumento da precariedade laboral, resultado das últimas reformas laborais que, coas novas modalidades contractuais (tempo parcial, fixo-descontinuo, etc.), fai que sexan máis os sectores da clase traballadora con baixos salarios e precariedade, poñendo en constante ameaza os ingresos da Seguridade Social.

É rechamante que nada se faga para resolver o acontecido co baleirado do Fondo de Reserva da Seguridade Social, fondo público especial para pagar as pensións en caso de necesidade, que entre os exercicios 2012 e 2018 foi usado para fins diferentes daqueles para os que naceu.

Asemade, tampouco se propoñen medidas para remediar, ou cando menos compensar, a perda de ingresos na caixa da Seguridade Social ante a permanente e descontrolada utilización das bonificacións, reducións etc., das cotizacións de que se veñen beneficiando as empresas en cantidades descomunais.

Compre lembrar que a aprobación dos plans de emprego de pensións empobrecerá máis os salarios (e, con eles, as pensións futuras) porque se fan con base ás achegas que nacen do salario das persoas traballadoras, mentres que as empresas terán suculentas desgravacións fiscais, causando todo iso unha redución dos ingresos da caixa da Seguridade Social e dos impostos, coa agravante que, ao seren de xestión privada, existe un maior risco para a viabilidade deste fondos das persoas traballadoras.

Por último, como a saúde e a educación, o sistema de pensións é unha actividade esencial do Estado, polo que debe desaparecer o veto ao seu financiamento con cargo aos orzamentos e os tributos que gravan a riqueza, veña de onde veña.

3.3. Contía das pensións máis baixas, fenda de xénero, ampliación da cotización na excedencia por coidados e cotización do alumnado en prácticas

- **PRINCIPAIS NOVIDADES**

a) Revalorización das pensións mínimas e non contributivas

As pensións mínimas con cónxuxe a cargo aumentarán para que en 2027 poidan chegar ao 60% da renda mediana dun fogar con dúas persoas adultas.

Pola súa vez, as pensións non contributivas chegarán en 2027 ao 75% do limiar da pobreza dun fogar dunha persoa.

b) Fenda de xénero e cobertura de lagoas

O complemento de fenda subirá nos dous próximos exercicios un 10% adicional ao IPC.

Modifícase o método de cobertura de lagoas de cotización, con enfoque especial para as mulleres, de xeito que se cubrirán até cinco anos sen carga de cotización co 100% da base mínima, fronte aos catro actuais. O sexto e o sétimo ano sen cotizar cubrirase cun 80% da base mínima, fronte ao 50% actual.

c) Ampliación do tempo cotizado nas excedencias e reducións por coidados

Modifícase a norma para ampliar de dous a tres anos o período considerado como cotizado para efectos das prestacións da Seguridade Social (xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, nacemento e coidado de menor) respecto dos períodos de excedencia por coidado de familiares, así como os períodos de redución de xornada.

Cómpre chamar atención de que nas excedencias por coidados de fillos ou fillas se computaban para estes efectos os 3 anos, de modo que a mudanza só afecta ás

excedencias por coidado de familiares e ás reducións de xornadas por coidado de menores.

d) Equiparación do traballo a tempo parcial co traballo a tempo completo

Introdúcese a equiparación para todos os efectos de cotización e de prestacións da Seguridade Social. Porén, isto non beneficia persoas traballadoras con contrato fixo-descontinuo, que pasarán a ter a consideración de tempo parcial só para os efectos da determinación da base reguladora diaria da prestación por incapacidade temporal.

e) Cotización do alumnado en prácticas

O alumnado que realice prácticas nas empresas dentro dun determinado programa de formación cotizará á Seguridade Social. Nesta nova cobertura entrará tanto o alumnado universitario como o de formación profesional, en determinadas condicións. Nestes casos, a cotización por contingencias comúns reducirase un 95%.

• VALORACIÓN CRÍTICA

No relativo ás pensións mínimas contributivas e non contributivas, o lexislador concédese un prazo de catro anos para chegar a un obxectivo que non chega ao que debería ser xa unha realidade: que a pensión mínima sexa dun importe igual ao 60% do salario medio, tal e como recomenda a Carta Social Europea para o SMI e as pensións, que no ano 2023 correspondería a 1.212,90 euros , xa que o salario medio está en 28.301 euros ano.

A expectativa sobre a cobertura de lagoas de cotización, con especial afectación no caso das mulleres, queda en menos do necesario. Créase unha fórmula mediante un escalado que vai a bases mínimas e só a un período máximo de sete anos, sen dar solución xusta ás frecuentes interrupcións da traxectoria laboral das mulleres, vítimas da precariedade dos contratos parciais e da irregularidade da vida laboral.

No caso das excedencias e reducións de xornada por coidados, inda co aumento a tres anos o tempo en que contan como cotizado, as mulleres seguen sendo prexudicadas, dado que son maioritariamente as que fan uso deste tipo de medidas de conciliación. Se non se cotiza toda a duración das reducións de xornada por coidados, e non se implantan medidas máis alá dos 3 anos de excedencia por coidados, séguese a afondar na desigualdade histórica que sofren as mulleres á hora de accederen á pensión de xubilación.

En relación coa equiparación para efectos de cotización calquera que sexa a xornada, incorpórase á norma legal o que xa era unha realidade na xurisprudencia. Porén, resulta inxusto non facer o mesmo co persoal fixo-descontinuo, para evitar que esta modalidade contractual precaria tan estendida continúe a aumentar a desprotección destas persoas traballadoras tamén no ámbito da Seguridade Social.

Pérdese de novo a oportunidade de dignificar as condicións do alumnado en prácticas á hora da súa incorporación ao traballo con cobertura plena da Seguridade Social, para así rematar cos abusos pola frecuente utilización destas persoas como man de obra barata e sen dereitos. Por outra parte, non se entende que tamén por esta vía as empresas poidan ter bonificacións ou reducións de cotización nalgúns supostos.

4. Conclusións

- A reforma das pensións de 2023 mantense no carreiro das anteriores: baséase en sementar a dúbida sobre a viabilidade do sistema público de pensións, atemorizando a poboación traballadora coa súa futura quebra para dirixir a súa capacidade de aforro aos fondos privados de pensións.
- A dinámica de reformas lexislativas continuas, cada poucos anos, conduce devagar á demolición do actual sistema de pensións, público, de reparto e solidario. Camíñase cara á súa residualización e privatización, para o converter nun sistema asistencial e de beneficencia.
- O Goberno español, que se ten por progresista, porfía na submisión e obediencia cega á disciplina neoliberal para satisfacer as duras esixencias da UE que permitan acceder aos envelenados fondos europeos que están a hipotecar o noso futuro ao esixir recortes e medidas inxustas que nos fan retroceder en dereitos.
- É deplorábel o comportamento de CCOO e UGT, da man do Goberno, para acometer esta nova reforma cando en Franza a oposición á reforma das pensións xuntou todo o movemento sindical e toda esquerda política na folga e na mobilización como respostas a unha agresión comparábel á que se dá no Estado español.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023